

LINGUA E LITERATURA GALEGA 2ºESO

OBXECTIVOS

1. Coñecer as características da linguaxe dos distintos medios de comunicación.
2. Analizar textos orais e escritos de medios de comunicación en formato dixital e en papel, para identificar ideas principais, comprender o contido e procesar a información mediante distintas ferramentas.
3. Distinguir ámbitos diferentes en textos orais, coñecer as súas características e os trazos que os diferencian.
4. Sintetizar e procesar información desde textos orais de distintos ámbitos.
5. Elaborar criterios para analizar criticamente o propósito comunicativo en textos orais diversos.
6. Elaborar argumentacións propias para expoñer o propósito comunicativo dos textos orais.
7. Recoñecer as connotacións en informacións implícitas nun texto oral.
8. Coñecer e aplicar as regras fonéticas e prosódicas que rexen a lingua galega.
9. Amosar coidado e interese por elaborar producións propias con corrección gramática, ortográfica e fonética.
10. Empregar o coñecemento da lingua e os contidos traballados para producir textos orais propios con coherencia, cohesión e corrección. Utilizar con corrección nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.
11. Realizar exposicións orais sobre temas diversos seguindo unha estrutura ordenada e coherente, con soltura.
12. Coñecer e utilizar técnicas TIC que faciliten e axuden a mellorar as exposicións orais planificadas.
13. Elaborar opinións propias sobre temas diversos e expoñelas de maneira argumentada e ordenada en distintos contextos.
14. Participar de modo natural e por iniciativa propia en situacións de comunicación oral diversas: debates, corrección de exercicios, diálogos sobre temas... expoñendo e argumentando as ideas propias.
15. Coñecer e aplicar técnicas de comunicación oral nas exposicións ou en situacións diversas falando en público, coidando a postura, a modulación da voz, a estrutura do discurso, os medios empregados, etc.
16. Desenvolver estratexias para comprender mensaxes orais e escritas en situacións onde hai dificultades de comprensión.
17. Utilizar recursos dixitais e libros de texto para resolver dúbidas sobre vocabulario ou estruturas lingüísticas necesarias para producir con corrección na lingua galega.
18. Empregar os coñecementos da lingua para comprender e producir textos propios no contexto social no que nos desenvolvemos: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
19. Coñecer os elementos fundamentais dos textos instrutivos e expositivos en contexto educativo: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.

Utilizar ese coñecemento para comprender a mensaxe e utilizar as fontes de información con rigor.

20. Identificar e analizar as distintas fontes de información que son base esencial no proceso de adquisición de coñecementos.

21. Realizar lectura comprensiva de textos diversos: identificar ideas principais e secundarias, sintetizar e representar a información, elaborar argumentacións propias sobre o contido, relacionar o texto con experiencias ou outros coñecementos previos.

22. Realizar unha lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.

23. Empregar estratexias metacognitivas para identificar canto e como aprendemos.

24. Coñecer os elementos esenciais e os tipos de noticias que aparecen nos medios de comunicación.

25. Elaborar noticias a partir dun modelo con coñecementos adquiridos.

26. Producir en formato papel ou dixital textos de distinta tipoloxía: cuestionarios, resumos, descrición, narracións e explicacións.

27. Producir textos escritos con un compoñente de goce persoal para comunicar experiencias, ideas e pensamentos.

28. Enriquecer con cada temática o léxico, vocabulario e frases da linguaxe habitual en lingua galega.

29. Empregar con soltura e precisión dicionarios e fontes de consulta para comprender textos, enriquecer o vocabulario e contrastar a fiabilidade das fontes empregadas.

30. Coñecer, empregar as normas que regulan os textos orais e escritos de diversos tipos.

31. Comprender que o uso de normas ortográficas e morfolóxicas é necesario para o desenvolvemento da lingua.

32. Coñecer as normas de uso dos signos de puntuación e utilízalos en textos escritos con corrección.

33. Comprender a estrutura de substantivos e verbos para mellorar as habilidades de comprensión e produción lingüísticas.

34. Coñecer os elementos dunha oración desde o punto de vista sintáctico. Empregar este coñecemento para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.

35. Realizar autoavaliacións sobre o traballo de maneira realista co obxectivo de mellorar a aprendizaxe.

36. Enriquecer a competencia lingüística co uso das distintas linguas en distintos contextos educativos.

37. Recoñecer a riqueza na diversidade cultural a través das linguas propias de cada pobo.

38. Reflexionar sobre a situación sociolingüística galega desde unha perspectiva social, histórica e xeográfica.

39. Coñecer a historia e as razóns das iniciativas normalizadoras da lingua galega e describir a situación legal das linguas do Estado español.

40. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia.

41. Ler expresiva e comprensivamente en público textos diversos.

42. Coñecer as características de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, e comparalos sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.

43. Coñecer, identificar e interpretar recursos retóricos nos textos literarios.

44. Escribir de maneira autónoma textos de intención estética aplicando os coñecementos dos recursos literarios traballados.

45. Distinguir os trazos da linguaxe cinematográfica, identificalos e analízalos en diferentes obras de cine.

CONTIDOS

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado.
- Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos, etc.
- Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes.
- Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.
- Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información.
- Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias).
- Producción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descrições e explicacións sobre contidos das materias curriculares.
- Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.
- Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula.
- A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias.
- Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa.

- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso.
- Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.
- Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade. A lusofonía.
- Situación sociolingüística do galego.
- Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.
- Situación legal das linguas do Estado español.
- Prexuízos lingüísticos.
- Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal.

Bloque 5. Educación literaria

- Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.

- Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.
- Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.
- Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Producción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica.
- Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.
- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo, e seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, e participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que se incorporan as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilizala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

ESTÁNDARES MÍNIMOS EXIXIBLES

Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

- Expón oralmente, de xeito lóxico e ordenado, resumos de textos orais.
- Identifica o tema e idea(s) principais nun texto oral do ámbito social e educativo.
- Comprende as instrucións.
- Intervén educada e respectuosamente no debate e desbota discriminacións lingüísticas.
- Vocaliza e emprega o volume e o ton de voz correctos.
- Distingue a idea principal nun texto oral.
- Distingue a intención comunicativa das noticias, reportaxes e crónicas.
- Extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas nos textos escoitados.
- Rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.
- Rexeita prexuízos sobre os distintos “falares” da nosa lingua.
- Asume e utiliza a súa variante dialectal.
- É coherente e fía correctamente as ideas que comunica.
- Utiliza a fraseoloxía explicada na aula.
- Emprega un vocabulario variado e non repetitivo nas intervencións. Evita repeticións, varía o vocabulario e rexeita os castelanismos.
- Participa nas simulacións e debates respectando as quendas de intervención e as opinión dos compañeiros.

Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

- Extrae a idea principal dun texto.
- Elabora resumos de textos.
- Comprende textos escritos.
- Relaciona o contido dun texto co contexto.
- Revisa os seus escritos.
- Redacta textos con corrección léxica e gramatical e con coherencia e cohesión.

- Preocúpase de que os seus textos de elaboración sexan adecuados ao tema que ten que desenvolver.
- É quen de elaborar un esquema.
- Coñece e utiliza os procesadores de texto.
- Distingue un texto narrativo, dun descritivo e dun expositivo. Redacta textos deste tipo.
- Manéxase na aula TIC e na biblioteca para buscar información.
- Conexiona o que vai ou vén de ler cos coñecementos propios.
- Comprende instrucións complexas.
- Comprende as noticias nos medios de comunicación.

Bloque 3. *Funcionamento da lingua*

- Coñece o significado da meirande parte das palabras aprendidas en cada unidade e utilízalas correctamente.
- Distingue significados polo timbre vocálico aberto/pechado.
- Coñece e aplica as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua.
- Utiliza adecuadamente os signos de puntuación nos textos propios.
- Une as oracións dos seus textos con conectores de espazo, oposición e contraste.
- Constrúe frases cohesionadas.
- Valora de forma obxectiva o seu traballo e reflexiona sobre iso.
- Válese dos coñecementos que posúe da lingua galega para mellorar os coñecementos noutra(-s).
- Coñece e distingue as clases de palabras.
- Identifica os tipos de frases e as funcións clausais.

Bloque 4. *Lingua e sociedade*

- Valora a lingua como sinal de identidade cultural.
- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.
- Reflexiona sobre a súa práctica lingüística.
- Aprecia e valora a variedade estándar do idioma.

Bloque 5. *Educación literaria*

- Extrae o tema dun poema sinxelo.
- Identifica a métrica, rima e estrofa, e as figuras literarias explicadas na aula.
- Identifica o narrador, espazo, tempo e personaxes en textos narrativos.
- Coñece as coincidencias e as diferenzas dos xéneros e dos subxéneros literarios.
- Sabe buscar información na biblioteca como espazo físico e como espazo virtual.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación dos alumnos pretende reflectir unha valoración do grao de consecución dos obxectivos estipulados por lei que se concretan nos contidos e estándares de aprendizaxe, e máis no grao de adquisición das competencias clave.

- Polas probas escritas e/ou orais realizadas ao longo do trimestre poderán obter un máximo de 7 puntos (70%). É imprescindible acadar 3.5 puntos sobre dez en cada proba para sumar os demais e poder aprobar a avaliación (farase media entre elas). Os contidos ortográficos, léxicos e gramaticais teñen carácter de continuidade, polo que será materia de avaliación constante ao longo do curso.

Queremos facer constar que a asistencia ás probas escritas e orais é obrigatoria. O alumno que non asista entregará ao profesor un xustificante de asistencia ao médico na menor brevidade posible. A xustificación será aceptada se se trata dunha cita hospitalaria ou dunha enfermidade leve. No caso de revisións non necesarias en horario escolar, ou de entrega dun simple xustificante do pai/nai ou titor legal, o profesor decidirá se realizarlle outro día a proba ou non, acolléndose a que só é obrigatoria unha proba por avaliación.

- A avaliación da oralidade realizarase mediante a observación por parte da profesora e/ou mediante unha proba oral. Esta parte constituirá un 10% da nota de cada trimestre, polo que aqueles alumnos que non usen o galego ou non se desenvolvan correctamente na lingua galega poderáselles baixar a nota global de avaliación: 1 punto.

- As lecturas de cada trimestre e as actividades relacionadas con elas achegaranlle á nota un máximo de 1 punto.

- O 10% restante para acadar o 10 será polo traballo na aula e na casa e pola participación axeitada e oportuna no desenvolvemento das clases.

Puntualizacións importantes:

- Cada negativo que reciba o alumno baixará 0,25 na nota da avaliación ata un máximo de 1 punto. Para recuperar o negativo serán necesarios dous positivos. O profesor daralle a oportunidade de conseguir positivos para que poidan restar os negativos.

- Copiar traballos ou exames implica unha nota de 0 nese traballo ou exame.

- Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixárase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 1 punto.

- Os traballos ou exames ilexibles deberán ser modificados. Para poder corrixir isto o profesor reforzará a caligrafía do alumno durante o curso; se ao final non hai unha evolución positiva este poderá suspender a materia.

- A realización de lecturas optativas poderá subir a nota do trimestre ata 1 punto (0,5 por cada obra lida) a aqueles alumnos-as que teñan un mínimo de 5 na avaliación. Para demostrar a lectura destas obras, pactadas previamente co profesor, farase unha proba oral e, se fose necesario, un traballo escrito a maiores.

- NOTA: A profesora do curso e grupo correspondente poderá modificar e adaptar estes criterios segundo sexan as características do grupo e /ou dalgún alumno en particular. Comunicarallo ao grupo con suficiente antelación.

-
IMPORTANTE: Os-as alumnos-as que teñan algún trimestre anterior suspenso poderán recuperalo mediante unha proba que só se realizará unha vez; será nunha data consensuada por todos (no caso de imposibilidade de acordo, decidirá o/a profesor/a) . De non superala deberá examinarse de toda a materia en setembro, igual có alumnado que teña dúas ou máis avaliacións suspensas.

PARA OS CATRO CURSOS DA ESO: insistimos en que a cualificación de 5 é o aprobado. Tamén que o “redondeo” nunha cualificación que corresponda co aprobado decidirá o/a profesor/a cando os decimais da cualificación sexan iguais ou superiores a 0,7.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A lei sinala que “a avaliación terá que ser coherente coa diversidade de contidos traballados e, daquela, ter en conta os contidos abordados nos cinco bloques en que se estrutura este currículo. Do mesmo xeito, deberá ser unha avaliación competencial, que teña en conta a relación que se establece no currículo entre os estándares de aprendizaxe detallados en cada bloque, coas competencias clave”. A avaliación da nosa materia terá en conta esta e todas as demais directrices desta orde, polo que adoptaremos como puntos de partida básicos para a avaliación os seguintes:

- A avaliación será **continua e formativa**. Continua non quere dicir en ningún caso que terá en conta só os resultados finais, senón que, tendo en conta a situación de partida de cadaquén, valoraranse continuamente todos os aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe. Cando o progreso dun alumno non sexa o adecuado estableceranse medidas dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

-A avaliación será **integradora**, terase en conta desde todas as materias para a consecución das competencias clave. A avaliación integradora, entendida xa dende a nosa materia, será a suma resultante de contidos, atención e traballo na casa e na aula. Concederáselle un interese especial á avaliación das actitudes en canto ás disposicións psicosociais dos escolares sobre o idioma (actitudes afectivo-positivas ou afectivo-negativas, prexuizos...); para esta cuestión debemos partir da realidade sociolingüística do noso contorno escolar.

- Favoreceremos os procesos de auto e coavaliación.

Partiremos da realización dunha **avaliación inicial** antes de principiar cada unidade do libro do alumno: o profesor expoñerá ao alumnado que contidos e que estándares avaliábelos se van desenvolver e os alumnos relatarán os que xa saben. A partir da información recollida, o profesor seleccionará aqueles contidos e estándares máis axeitados ás realidades dos escolares e planificará as actividades que lles permitan progresar desde a situación de partida.

Os usos dos distintos **instrumentos de avaliación** estarán moi ligados aos estándares de aprendizaxe que esteamos avaliando; deste xeito, para a avaliación de cada alumno utilizaremos os seguintes instrumentos:

- Ao longo de cada trimestre, realizaranse unha ou dúas probas escritas que incluírán contidos de lingua e literatura, combinados na mesma proba ou por separado. Obrigatoria será unha, pero poden realizarse máis de dúas se o profesor-a considera que é necesario pola cantidade de contidos para examinar.
- Para valorar a competencia oral, utilizarase a observación na aula de intervencións orais; ademais poderase encomendar a realización de pequenas exposicións orais sobre distintos temas relacionados coa materia.
- Cada trimestre avaliaranse as lecturas encomendadas mediante unha ficha de lectura, un exame ou unha proba que estime o profesor-a, que os alumnos deberán entregar nunha data concreta ou mediante unha proba oral ou escrita.
- Periodicamente recolleráselle ao alumnado textos escritos de creación propia e de distinto tipo: narracións, poemas, exposicións, argumentacións, pequenas pezas teatrais....Estes textos deberán ser entregados nos prazos fixados, podendo chegar a acadar unha cualificación negativa de non seren respectados os prazos. Seranlles devoltos coa cualificación que se lle outorga e coas observacións para que as revisen se fose necesario.
- Finalmente, teremos en conta aspectos como o traballo na casa e na aula e o traballo en grupo. O profesor-a botará man da observación sistemática e do rexistro continuo de datos no seu caderno.